

CIRCULAR 244

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

NOVEMBRO / DECEMBRO 2013

consenso

redes sociais

sen recortes

sen medo

eleccións

democracia participativa

acan

Global Revolution

NON temos medo

assemblea

cabemos todas

nunca máis corrupción

stop desha

silencio mediático

transparencia

á rúa

non nós representan

GI

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Empleo / Responsable da Biblioteca



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación



Marta Rivas Rodríguez

Vogal

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 245 de novembro/décembro de 2013,
e sairá a principios do mes de xaneiro de 2014.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de decembro.

6	Información Xeral
13	Información das Seccións
19	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
21	Grupo de Tráfico e Seguridade
22	Últimos Colexiados e Colexiadas de Galicia
23	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

Saúde mental e reforma do Código Penal

Sorprende mesmo ás asociacións de xuíces máis temperadas, a profesores e catedráticos de dereito penal e ao propio Consello Xeral do Poder Xudicial que ten emitido un informe preceptivo abertamente crítico: a reforma do Código Penal emprendida polo Ministerio de Xustiza, actualmente en trámites no Congreso dos Deputados, non se entende nin está baseada en necesidades novas de política criminal. As taxas de delincuencia tenden á baixa dende hai máis de dez anos e non parece aconsellable presionar a un sistema penitenciario (o grande mudo a pesares da que se lle vén enriba) que está en canto a número relativo de internos á cabeza de Europa occidental. Porén só cabe sospeitar que nos atopamos diante dunha reforma motivada principalmente en prexuízos ideolóxicos, que utiliza o Código Penal como instrumento de propaganda, asumindo de xeito inmoral o populismo que ante cada crime reclama máis rigor e severidade punitiva. Pero o motivo deste escrito non é comentar os douscentos artigos que se reforman (dun total de 639) senón daquelo que como profesionais da Psicoloxía máis nos atinxe. Porque estamos ante unha reforma que equipara a enfermidade mental coa perigosidade e considera á persoa con trastorno mental como suxeito perigoso. E isto resulta especialmente irritante porque ata o de agora, se algo bo ten o Código Penal vixente é a garantía dos dereitos das persoas cunha doenza mental.

Actualmente, cando unha persoa con enfermidade mental comete un delito e é declarada inimputable por causa do seu trastorno, non se lle pode impoñer unha pena xa que non é responsable do delito cometido. No canto dunha pena, o xuíz ou tribunal pode impoñerlle unha medida alternativa a ela (chamada medida de seguridade) que pode ser privativa ou non de liberdade, como o internamento psiquiátrico ou o seguimento ambulatorio. Pero a duración da medida de seguridade nunca pode ser maior ca a da pena que se lle tería imposto de ser imputable. Aínda máis: non se considera quebrantamento da medida de seguridade a negativa a someterse a tratamento ambulatorio ou a continuar un tratamento inicialmente consentido.

No proxecto de reforma, as medidas de seguridade xa non están limitadas, en canto á súa duración, ao tempo equivalente á pena que correspondería se a persoa fora responsable dos seus actos. Poden ser aplicadas a perpetuidade. Segundo explica a exposición de motivos da reforma, desenvólvese de forma coherente o principio segundo o cal o fundamento das medidas de seguridade reside non nos feitos xulgados senón na perigosidade do autor. Polo tanto, se esta reforma vai adiante nestes termos, as persoas cun problema de saúde mental, no caso de cometer un delito, non serán xulgadas polo delito cometido senón pola súa perigosidade como suxeitos, da que se poderá inferir a posibilidade de comisión de novos delitos no futuro. E así poderán ser sentenciados a medidas de internamento psiquiátrico (que se cumpren en centros psiquiátricos penitenciarios) durante cinco anos, prorrogables sucesivamente de cinco en cinco polo xuíz ou tribunal previo informe da xunta de tratamento do centro. A maiores, por se non chegara con isto, unha vez extinguida a medida de internamento poderase impoñer unha medida de liberdade vixiada. Esta é outra medida de seguridade, neste caso non privativa de liberdade, cunha duración mínima de tres anos e máxima de cinco prorrogables indefinidamente tamén, que consiste no cumprimento dunha serie de obrigas entre as que se atopa o sometemento a tratamento ambulatorio de forma obrigada.

Se temos en conta que boa parte dos diagnósticos en saúde mental son catalogados como crónicos, non resulta aventura-

do pronosticar que a perigosidade atribuída a estas patoloxías tamén será vista como crónica e, como tales, as medidas de seguridade que se impoñan.

Se o despropósito desta reforma non se corrixe no trámite parlamentario, a estratexia de defensa das persoas cun problema de saúde mental cando se vexan implicadas na comisión dun delito pasará en moitos casos, antes pola ocultación da súa doenza, para que lle impoñan unha pena predeterminada na súa duración, que por buscar a inimputabilidade que pode conlevar o internamento indefinido.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia quere manifestar o seu apoio e adhesión ás demandas dos colectivos que desde o campo da saúde mental se ven afectados por este proxecto de reforma que nos retrotrae ao Código Penal de 1973 (e aínda máis atrás, ás leis de vagos e maleantes e á lei de perigosidade social). Porque é unha reforma prexuízosa, estigmatizante e absolutamente discriminatoria, como acertadamente a define FEAFES (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental). Porque vulnera os dereitos das persoas con trastorno mental e contradí o regulado pola Convención Internacional dos Dereitos das Persoas con Discapacidade, de obrigado cumprimento ao ser o Estado Español un dos países asinantes da mesma. Porque, por non respectar, nin sequera se atén ao disposto no artigo 25.2 da Constitución Española sobre a orientación das penas cara a reeducación e a reinserción social, e ven a baleirar de contido os alicerces da Lei Orgánica Xeral Penitenciaria, a primeira gran lei da restauración democrática trala ditadura franquista.

Resumindo, esta reforma, de saír adiante tal como se presenta, está predestinada a converter os problemas de saúde, os problemas sociais, en problemas de orde público, vulnerando principios xurídicos básicos e dereitos fundamentais de todas as persoas.

Relacións institucionais

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu á xuntanza do Pleno e da Asemblea Xeral Ordinaria da Unión Profesional de Galicia que tivo lugar en Santiago de Compostela o 24 de setembro.

A Decana, Mª Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiron o 25 de setembro a unha reunión co Director Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, Santiago Villanueva Álvarez, para abordar unha valoración da intervención no accidente ferroviario de Santiago de Compostela.

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, acompañada da Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade e Vogal da Xunta de Goberno, Eva Muíño Gómez, mantiveron o 7 de outubro unha reunión co Director Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, Juan José Martín Álvarez, e co Subdirector Xeral de Medios da Administración de Xustiza, Rafael Juanatey Mayán. Nesta xuntanza trataron sobre a colaboración entre ambos organismos en materia de seguridade viaria.

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, mantivo unha reunión co Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, na que se tratou sobre os convenios que se manteñen viventes entre ambas institucións (violencia de xénero, emerxencias e catástrofes e mediación intraxudicial) así como o Anteproxecto de Lei estatal de Servizos e Colexios Profesionais.

A Coordinadora da Comisión de Psicoloxía de Deporte do COPG, Mª Dolores González Fernández, participou no acto de presenta-



Mª Rosa Álvarez Prada



Ana Isabel Martínez Arranz



Eva Muíño Gómez

ción do Máster en Psicoloxía do Deporte e da Actividade Física da Universidade de Santiago de Compostela, que tivo lugar en Compostela o 18 de outubro de 2013.

O Vogal da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG e Coordinador do seu Grupo de Traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional, Carlos Montes Piñeiro, asistiu a unha xuntanza coa Directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja García e coa Xefa da Sección de Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada, M^a Jesús Copa Arias, que tivo lugar en Santiago de Compostela o 22 de outubro. Alí abórdouse como tema central o deseño de actividades de información e formación conxuntas en Psicosocioloxía Aplicada e Saúde Ocupacional para o vindeiro ano 2014.

En representación do Colexio



Mª Jesús López Cernadas

A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, asistiu ao Encontro Luso-Español Solucións da Psicoloxía aos Tempos de Crise, organizado conxuntamente polo Consejo General de la Psicología e a Ordem dos Psicólogos Portugueses, que se celebrou os días 20 e 21 de setembro en Coimbra (Portugal).



Mercedes Fernández Cabana

A Vogal da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Mercedes Fernández Cabana, participou o 30 de setembro en representación do COPG nun vídeo que protagoniza a campaña que está a desenvolver a Federación Galega de Dano Cerebral “Eu podería ter dano cerebral”.

A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, asistiu á Xornada do Ateneo Xerontolóxico de Galicia, que tivo lugar o 1 de outubro na Coruña organizada polo periódico Entre Mayores.

A Tesoureira da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Leonor Galiana Caballero, acudiu o 18 de outubro á sesión extraordinaria do Consello Galego de Benestar Social da Secretaría Xeral de Política Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á reunión do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, celebrada o 18 de outubro en Santiago de Compostela.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de la Psicología, que se celebrou os días 20 e 21 de setembro en Coimbra (Portugal), ao abeiro do Encontro Luso-Español Solucións da Psicoloxía aos Tempos de Crise, organizado conxuntamente polo Consejo General de la Psicología e a Ordem dos Psicólogos Portugueses.

O Coordinador da Sección de PTO do COPG, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Coordinadora da División de PTORH do Consejo General de la Psicología, que tivo lugar en Madrid o 26 e 27 de setembro.

A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía da Intervención Social do Consejo General de COP, que se celebrou o 19 de outubro en Madrid. A esta reunión asistiu tamén, en calidade de convidada, a Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada.

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Títulos de Licenciatura en Psicología

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.



José Luis Domínguez Rey

Restro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica

O COPG creou un restro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicología Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio e aínda non o presentastes no COPG, tedes que aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado restro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

Cotas 1º Semestre 2014

O vindeiro 1 de xaneiro de 2014 pasarase ao cobro o recibo correspondente ao 1º semestre de 2014.

O COPG forma parte da Comisión Técnica de Desafiuzamentos do Concello de Ourense

O 24 de setembro tivo lugar en Ourense a reunión de constitución da Comisión Técnica de Desafiuzamentos do Concello de Ourense. A ela acudiu en representación do COPG, Alicia Rodríguez Nespereira.

Esta comisión técnica creouse por acordo da Comisión Cívica sobre Desafiuzamentos, da que o COPG forma parte desde a súa constitución no mes de marzo de 2013, e entre as súas principais funcións están o Seguimento individualizado de afectados por desafiuzamentos por impago de hipoteca e recollida das necesidades non cubertas por carencia de recursos, e comunicación as Administracións competentes na materia.

Reunión con Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG)

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo o 8 de outubro na sede do COPG unha reunión con representantes da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG). Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG das actividades que está a levar a cabo devandita Federación, así como a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.

O Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG recibe a Placa de Honra da Orde do Mérito Civil

O Rei vén de concederlle ao Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG a Placa de Honra da Orde do Mérito Civil en gratitude e recoñecemento pola axuda e servizo prestados no accidente ferroviario de Santiago de Compostela ás vítimas e aos seus familiares.

Esta distinción serve para premiar os servizos relevantes e extraordinarios postos de manifesto por colectivos ou entidades en ben do interese xeral e foi proposta polos Ministerios de Fomento e de Asuntos Exteriores e Cooperación.

A entrega da Placa tivo lugar nun acto celebrado en Santiago de Compostela o 26 de outubro, e a el asistiron en representación do GIPCE Ana Isabel Martínez Arranz, Ana Mª Núñez Rubines e Aurora Rozadilla Arias.

O COPG recibe o Galardón de la Psicología Murciana 2013

O Colegio Oficial de Psicólogos de la Región de Murcia outorgou o Galardón de la Psicología Murciana 2013 ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en recoñecemento ao labor realizado polo GIPCE (Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias) no accidente ferroviario do pasado 24 de xullo en Santiago de Compostela.


A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu a recoller esta distinción cuxa entrega tivo lugar nun acto celebrado en Murcia o 25 de outubro.



Enriba momento do Acto de entrega da Placa de Honra da Orde do Mérito Civil. Abaixo momento do acto de entrega do Galardón de la Psicología Murciana 2013



Recolle a Placa Ana Isabel Martínez Arranz, Coordinadora do GIPCE. Segunda pola esquerda.



Especial GIPCE

Circular informativa especial GIPCE

Con motivo do accidente do tren Alvia o pasado 24 de xullo en Angrois, Santiago de Compostela, editouse unha Circular especial coas instantáneas da intervención de moitos compañeiros e compañeiras do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia inicia un procedemento para a acreditación de psicóloga/psicólogo experto en Neuropsicoloxía Clínica

O COPG, conxuntamente coa Sociedade Galega de Neuropsicoloxía, vai desenvolver un proceso de Acreditación de Psicóloga/Psicólogo Experto en Neuropsicoloxía Clínica. Este procedemento de acreditación é o resultado do traballo consensuado entre ambas dúas institucións, que consideramos que a práctica da Neuropsicoloxía Clínica require dunha formación especializada, tanto en aspectos teóricos como prácticos, que reúna criterios de calidade que deben ser acreditados polos Colexios Oficiais de Psicoloxía.

Esta acreditación servirá para cumprir dous obxectivos principais: por unha banda, permitirán garantir que os servizos que a Experta/Experto en Neuropsicoloxía Clínica proporcione á sociedade sexan dunha alta calidade, asegurando que as psicólogas e psicólogos que os desenvolven dispoñen da formación necesaria e por outra banda, servirán para establecer as bases dun futuro recoñecemento da oficial da Neuropsicoloxía Clínica.

O procedemento iniciase, por solicitude da persoa interesada, achegando a documentación acreditativa de formación e/ou experiencia específica en Neuropsicoloxía Clínica para a súa valoración pola comisión de acreditación galega.

Pódese acceder á información detallada na páxina web do COPG: www.copgalicia.es

Colexición obrigatoria

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos e psicólogas.

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuito reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

❑ Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

❑ O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

❑ Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: “Alégase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m2 na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.

AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

Formación realizada

O pasado 4 e 5 de outubro tivo lugar na Coruña o Curso “Intervención psicolóxica na enfermidade física crónica”. Foi impartido por **Jorge García Fernández**, Facultativo Especialista de Área de Psicoloxía Clínica do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña e coordinado por **Mercedes Fernández Cabana**, Vogal da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.

Mediante a proxección de vídeos de pacientes e exercicios prácticos traballáronse as habilidades de manexo terapéutico tendo en conta as diferentes narrativas e estilos de enfermar das persoas.

Dado o gran número de persoas que non puideron realizar este curso por falta de prazas, volverase a impartir co mesmo docente os vindeiros 13 e 14 de decembro no Hospital Marítimo de Oza da Coruña, e será coordinado por **Ignacio Dopico González**, Vogal da Sección.



Momento do curso

Formación prevista

A Sección está a traballar na programación dos vindeiros cursos. Neste momento podemos adiantar a seguinte información:

□ *Curso “O debuxo como recurso terapéutico en Saúde Mental infantil”.*

O relator deste curso, que celebraremos os vindeiros 21 e 22 de febreiro de Ferrol será **Francisco Díaz**, Psicólogo e Director da Aso-

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Clínica da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36

ciación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (ASPANEPS). As labores de coordinación serán realizadas por **Manuel Castro Bouzas**, Tesoureiro da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.

□ *Curso “A primeira entrevista en psicoterapia”.*

Yolanda Castro Casanova, Facultativa Especialista de Área de Psicoloxía Clínica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, será a relatora deste curso que terá lugar os días 6 e 7 de xuño de 2014 en Ourense. O Vogal da Sección, **Luis Carlos Álvarez García**, será o coordinador do curso.

Na programación de **cursos para o vindeiro ano** incluiremos tamén **formación sobre hipnose clínica e terapia grupal**. Tamén estamos a ultimar **un programa de formación continuada en Neuropsicoloxía Clínica** que consistirá en obradoiros monográficos nos que se abordará a administración e corrección de test neuropsicolóxicos fundamentais na práctica clínica. O primeiro obradoiro terá lugar no primeiro trimestre do 2014 e nel traballaremos sobre a avaliación da memoria a través das escalas de Wechsler.

Asemblea Extraordinaria de Socios/as da Sección

O pasado 21 de xuño celebramos unha Asemblea Extraordinaria de Socios/as da Sección, na que se aprobou **a modificación do Regulamento Réxime Interior da Sección e o cambio de denominación da Sección por Sección de Psicoloxía e Saúde**. Esta modificación regulamentaria, que está pendente da súa ratificación na Asemblea Xeral de colexiados e colexiadas do COPG, pretende a adecuación á realidade derivada dos recentes cambios lexislativos que afectan ao campo da Psicoloxía Sanitaria.

Máster en Psicoloxía Sanitaria

O 14 de xuño publicouse no BOE a Orde ECD/1070/2013, do 12 de xuño, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria que habilite para o exercicio da profesión titulada e regulada de Psicólogo Xeral Sanitario. Podes atopar toda a información no enlace www.boe.es/dias/2013/06/14/pdfs/BOE-A-2013-6412.pdf



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Enlace ao apartado da Sección de Psicología da Intervención Social da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=63

O vindeiro 23 de novembro terá lugar no Salón de Actos do Colexio Oficial de Psicología de Galicia a Asemblea de Socios y Socias da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG. Previa a Asemblea celebrarase un evento no que se falará da actualidade nos Servizos Sociais comunitarios en Galicia.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Reunión e plans da Sección PTO

O pasado 15 de outubro reuníronse os membros da Coordinadora da Sección para tratar asuntos de xestión interna e perfilar un avance das actividades para o ano 2014. Entre outros, cabe destacar os seguintes acordos:

- Iniciar a planificación para impartir un curso sobre a aplicación da Norma ISO 10667 (Avaliación de persoas en ámbitos laborais) e decidir un calendario para o seu desenvolvemento on-line e presencial.
- Seguir potenciando as actividades vinculadas co convenio asinado co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) en materia de saúde laboral e benestar ocupacional.
- Ter como referencia o tema das TIC e RR.HH para o encontro de profesionais 2014.
- Preparar un programa de sesións informativas para os/as estudantes de Grado da Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver no transcurso do curso académico 2013-2014.

Enlace ao apartado da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81

- ❑ Ultimar o curso sobre selección de persoal nas convocatorias de corpos de seguridade para tratar os procedementos e técnicas de avaliación.

Saúde laboral: Accións formativas

Proseguindo coas actividades en colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia estase elaborando os contidos dunha Xornada monográfica sobre o tema do “acoso laboral” e un obradoiro práctico de formación interna sobre a aplicación do Sistema de Análise Triangular do Acoso. Remitirase información pertinente sobre o desenvolvemento e datas destas dúas accións formativas e o programa correspondente.



Momento da reunión da
Sección PTO



A División PTORH

Nas reunións celebradas o día 26 e 27 de setembro no Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e Recursos Humanos acordouse que para o vindeiro ano as actividades e encontros profesionais interterritoriais se vinculasen á problemática do intrusismo profesional e aspectos deontolóxicos da profesión. Por outra parte, iniciouse unha campaña de difusión sobre os contidos da Norma ISO 10667 e puxo a disposición dos distintos colexios unha plataforma cun custe reducido co obxectivo de iniciar accións formativas sobre a aplicación da citada norma. A División, unha vez estudada a proposta de formato e obxectivos para a celebración dun congreso profesional a nivel nacional, apoiou a iniciativa de poñer en funcionamento a planificación e organización do mesmo para levalo a cabo o último trimestre do ano 2015.



Momento da reunión da
División PTORH

Afiliación na División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH)

A afiliación como membro ordinario da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos segue aberta sen data límite. Invítase aos colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicología de Galicia a inscribirse na mesma. Podes tramitar a túa inscrición no enlace www.cop.es/ptorh/.



SECCIÓN DE PSICOLOGÍA JURÍDICA

Obradoiro

O 14 de setembro celebrouse o Obradoiro “O proceso de avaliación psicolóxica forense: Diferenzas coa avaliación clínica”, actividade deseñada como parte do proxecto anual de formación da Sección de Psicología Jurídica do COPG. Foi impartido por **José Manuel Muñoz Vicente**, Psicólogo Forense do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade de Madrid.

Mediante a exposición de contidos teóricos e exemplos derivados da práctica forense do relator, o obradoiro pretendeu dotar aos/as asistentes dos coñecementos e habilidades básicas para deseñar un proceso de avaliación psicolóxica dentro do contexto forense, dependendo da demanda xurídica realizada.



Momento do obradoiro

Guía do/a Psicólogo/a Forense

Continúa traballando activamente o grupo para a elaboración da Guía do/a Psicólogo/a Forense, co obxectivo de recoller e aclarar os conceptos básicos de actuación e procedemento, así como os aspectos deontolóxicos que se deben ter en conta na práctica profesional forense. A previsión é que se dispoña desta publicación no último trimestre deste ano.

Información

Está previsto para o vindeiro mes de decembro a celebración da Asemblea de Socios e Socias da Sección de Psicología Jurídica.

*Enlace ao apartado da
Sección de Psicología
Jurídica da páxina
web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=219*

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Formación realizada

Impartido por **Beatriz Rodríguez Vera**, Psiquiatra no Hospital Universitario La Paz (Madrid) e Profesora asociada da Facultade de Medicina da Universidad Autónoma de Madrid, celebrouse o pasado 7 de setembro o **Curso “Regulación emocional baseada en mindfulness para o autocoidado do interviniente”**. Este curso organizouse co fin de coidar ao Grupo despois do esforzo realizado na intervención no accidente do tren Alvia en Santiago de Compostela o pasado 24 de xullo.

A metodoloxía experiencial do curso tivo como obxectivos situar o autocoidado emocional como elemento clave da formación profesional e adestrar no autocoidado emocional.



Momentos do curso

Actividade prevista

O 30 de novembro terá lugar unha **Xornada práctica de formación interna sobre a intervención en centros escolares**. O Grupo de Traballo de Intervención en Centros Escolares presentará o protocolo de intervención elaborado para estes escenarios. Tamén se traballará sobre intervencións do Grupo nestes ámbitos. Será coordinado por **Mª del Carmen González Hermo**, membro da Coordinadora do GIPCE.

Enlace ao apartado do GIPCE na páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203

Informacións

1. *Elaboración dos Plans de Emerxencias Externos (PEE) de distintas empresas:*

Desde o GIPCE continúaase a participar activamente na elabo-

ración dos Plans de Emerxencias Externos en empresas de tres provincias distintas para o que diferentes membros da Coordinador do Grupo asistiron a dúas edicións do curso:

■ *Preparación de simulacros de Plans de Emerxencias Externos (PEE)*

Este curso tivo lugar na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) na Estrada os días 10 e 24 de xullo e 15 e 29 de outubro. Os seus obxectivos foron entre outros: Proporcionar información xeral sobre PEE aos distintos colectivos implicados nestes; establecer as medidas de prevención e de información, así como a organización e os procedementos de actuación e coordinación dos medios e recursos asignados aos PEE e de entidades públicas e privadas co obxecto de previr e, se é o caso, mitigar as consecuencias dos accidentes graves nos que se interveñen substancias perigosas sobre a poboación, o medio e os bens que poidan verse afectados; revisar e actualizar os manuais operativos de intervención en emerxencias con riscos por substancias perigosas; revisar o contido da plataforma informática REGAPE-SEVESO; e o deseño de simulacros.

■ *Xornadas de formación dos equipos de implantación do Plan de Emerxencia Exterior SYNGENTA AGRO*

Estas Xornadas tiveron lugar nas instalacións de SYNGENTA AGRO en Porriño o pasado día 10 de outubro. A finalidade destas Xornadas foi dar a coñecer aos equipos implicados no PEE da nomeada empresa, tanto as instalacións da empresa, o seu funcionamento, materias primas coas que traballan, o Plan de Emerxencias Interno, e as formas de comunicación á poboación que teñen contemplada segundo a magnitude da catástrofe.

2. Campaña de difusión do GIPCE

Desde o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG estase a traballar na difusión do Grupo enviando uns trípticos informativos sobre o mesmo a distintos grupos de profesionais e facendo entrevistas en diferentes medios de comunicación: Radio Cope, RNE e Radio Galega.



Tríptico GIPCE

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

PSICOVIAL

O pasado 19 de xuño deu comezo o programa experimental “PSICOVIAL” que se está a levar a cabo na sede do COPG con penados multi e polirreincidentes por delitos relacionados co tráfico con penas que rondan as 300 xornadas de castigo.

Trátase dun programa de intervención de longa duración (9 meses: 6 de intervención e 3 de seguimento) que atenden profesionais da psicoloxía do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG con experiencia específica en intervención con penados por delitos de tráfico.

Xornadas de concienciación

Durante o mes de xullo desenvolvéronse en Ourense o 2º grupo das Xornadas de Concienciación coordinado por **Sandra Sesto Vilariño** e **José Lamas López**, ambos membros do Grupo.

No mes de setembro foi Pontevedra a cidade na que se levou a cabo o 3º grupo das Xornadas de Concienciación. Neste caso foi coordinado por **Diego Antelo Guerra** e **María Cinta Libroero Escala**, ambos tamén membros do Grupo de Tráfico e Seguridade.

Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade da páxina web do COPG: <http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=123>

Colaboración

Volvese a facer un chamamento a todos os profesionais da Psicoloxía que traballan en psicotécnicos que puidesen estar interesados/as en colaborar desinteresadamente na investigación sobre demencias. Deberán enviar un correo electrónico ao Colexio (copgalicia@cop.es) a atención do Grupo de Tráfico e Seguridade, comunicando o seu interese e indicando os seguintes datos: Nome completo do/a profesional, centro psicotécnico, localidade e teléfono de contacto directo co/a profesional da psicoloxía que realizará a recollida de información. Tense previsto organizar a recollida de datos para a investigación a comezos do 2014.



Intervención de Diego Antelo

ÚLTIMOS COLEXIADOS E COLEXIADAS DE GALICIA

G-4540	Núñez González, Ana María
G-4565	Priegue Patiño, Olalla
G-4712	Fernández Villanueva, Martín
G-4844	Gómez Rios, Silvia
G-4845	Cebreiro Cocheteux, Santiago
G-4846	Villar Rubinos, Andrea
G-4847	Varela Branwell, Mariana
G-4848	Pérez Pérez, Elena
G-4849	Enriquez Abollo, Soraya
G-4850	Acuña Justo, Alicia
G-4851	Fraga González, Berta
G-4852	Fernández Fernández, Cristina
G-4853	Álvarez Pintos, Héctor
G-4854	Otero Míguez, Isabel
G-4855	Ferri Pombo, Antonio
G-4856	Gundín Agrelo, Elsa
G-4857	De Santiago Güemes, Laura
G-4858	Camino Longa, Estefanía
G-4859	Trillo Rama, Sergio
G-4860	Manteiga Sande, Eva
G-4861	Rodríguez Beceiro , Alberto
G-4862	Martínez-Reboredo Cuervo Luis
G-4863	Álvarez Moreno, María Del Pilar
G-4864	Rodríguez Martínez , Marta
G-4865	Pereira Romero, Cristina
G-4866	Figueroa Piñeiro, Isaac



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as
consultas a través do enderezo de correo
electrónico a.xuridica@protextdat.com

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



G-4867	Valverde Carnicero, Laura
G-4868	Méndez Penedo, Marta
G-4869	Fernández Castro, Antía
G-4870	Santos Sánchez, Natalia
G-4871	Del Villar Rubín, Marta
G-4872	Fernández Agullo, Elisa
G-4873	López López, Lucía
G-4874	Rua Viñas, José Manuel
G-4875	Vázquez Rey, María
G-4876	Iglesias Fernández, Andrea
G-4877	González Escudero, Isaac
G-4878	Negreira García , Patricia Silvana
G-4879	García López, Andrea
G-4880	Feijoo Martínez, Joaquín Ángel
G-4881	Blanco García, María Emma
G-4882	García Paz, Elena
G-4883	Fernández Rodríguez , María Eva
G-4884	Fernández Jiménez, Olenka
G-4885	Garrido Chaves, Ruth María
G-4886	Paz Couceiro, Marta
G-4887	Aparicio Hermosilla, María Elena
G-4888	Rodríguez Bohorquez, Saray
G-4889	Ramos Bravo, Antonio Manuel
G-4890	Núñez Ponte, María Uxía
G-4891	Núñez Rodríguez, Eduardo

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos.

Podedes consultar os Cursos, Xornadas e Congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO "INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA NA ENFERMIDADE FÍSICA CRÓNICA"

Datas: 13 e 14 de decembro de 2013.

Lugar: Hospital Marítimo de Oza (A Coruña).

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9.00 a 14.00 h
e de 16.00 a 21.00 h, e os venres
de 9.00 a 14.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociaciones Profesionales
de Psicólogos